

Xuño 2017

## XXII CONVENIO COLECTIVO NACIONAL DE AUTOESCOLAS TÁBOAS SALARIAIS 2015 E 2016: Suba do 1,3% para os 2 anos

ESTE ACORDO SUPÓN UNHA PERDA DE PODER ADQUISITIVO DO 4,9%  
SÓ NO TEMPO DE VIXENCIA DO ACTUAL CONVENIO (DENDE O ANO 2010)

O 23 de maio chegou a un acordo de revisión salarial para os anos 2015 e 2016, por parte da patronal CNAE, xunto cos sindicatos CCOO, UGT e USO nos termos seguintes:

-Ano 2015 - suba do 0,3%. Cando o IPC-Real quedou no 0%.

-Ano 2016 - suba do 1%. Cando o IPC-Real quedou no 1,6%.

Este acordo incrementa a perda de poder adquisitivo acumulada de 2010-14 (4,6%) nun 0,3%, elevándoa ao 4,9%.

### PROPOSTA SALARIAL DA CIG-ENSINO DEFENDIDA NA MESA DE NEGOCIACIÓN:

#### Incrementos salariais 2015:

Logo de varios anos de CONXELACIÓN SALARIAL (2010,2011,2012,2013 e 2014), coa excusa da crise económica, entendemos que se debe recuperar a perda de poder adquisitivo acumulada, desde que entrou en vigor o XXII Convenio no 2010. Con este razoamento, reivindicamos a suba do 4,6% (sobre as táboas de 2014), en todos os conceptos salariais, pois foi o IPC-Real perdido nestes anos.

#### Incrementos salariais 2016:

Subida do 2%, sobre todos os conceptos salariais, para todos os salarios iguais ou superiores ao salario medio galego anual (17.700€). Para os salarios que estean por debaixo do salario medio aplicaráselle unha suba lineal de 354€, é dicir, a cantidade que se lle incrementa aos que teñan o salario medio galego. Por desgraza, neste convenio son todos inferiores, polo que a suba dos 354€ debe ser para todos/as @s traballadores/as.

#### VALORACIÓN DO PREACORDO POLA CIG-ENSINO:

A CIG-Ensino fai unha valoración moi negativa deste acordo salarial, por iso non o asinamos neses termos. En só cinco anos, este persoal levaba perdido un 4,6% con respecto ao IPC, moita porcentaxe en pouco tempo e en salarios moi cativos. A CIG estaba disposta a negociar a proposta feita, pero non a axeonllarse diante da patronal.

Chámanos moito a atención que as organizacións sindicais CCOO e UGT non chegasen nen tan sequera ás xa ridículas porcentaxes que asinaron as súas Confederacións coa Patronal (acordo de contención salarial que fixeron desde as cúpulas), o 1% para 2015 e o 1,5% para o 2016 (e que deixaron aberto ao marcar esa cifra como "máximo"), que ata e limita a Negociación Colectiva. Non entendemos que por parte de organizacións que, supostamente, representan aos traballadores/as, se renuncie a defender os seus dereitos ás primeiras de cambio, e presentar estas propostas xa na primeira reunión, que se levou a cabo o 7 de setembro, para acabar asinando por debaixo e con nova perda de poder adquisitivo do 0,3% xa na 2ª reunión do 23 de maio, que unida á perda acumulada de 2010 a 2014 do 4,6% nos leva a una perda do 4,9%...

#### Onde está a negociación??? Estamos diante dunha nova venta descarada dos dereitos dos traballadores/as

Estes sindicatos poden facer isto pola representación sindical que teñen, a través dos delegados/as, polo que darlle representación á CIG é restarlle representatividade a eles e así termos máis forza nas mesas de negociación e apostar por un sindicalismo reivindicativo e combativo, non pactista e entreguista como o que representan estes sindicatos estatais.

**!!!SE QUERES QUE OS TEUS DEREITOS SEXAN DEFENDIDOS CON FIRMEZA, APOIA E PARTICIPA NAS CANDIDATURAS DA CIG-ENSINO NO TEU CENTRO DE TRABALLO!!!**

## Que son as eleccións sindicais?

As eleccións sindicais son o proceso no que os traballadores elixen aos seus representantes en cada empresa ou centro de traballo. Éstas celébranse cada catro anos.

### Para que serve facer eleccións sindicais?

As eleccións sindicais serven para elixir en votación directa aos que serán os delegados, que serán os representantes dos traballadores na túa empresa. Antes da reforma laboral do PP do 2012 as función dos delegados non eran tan importantes como agora, xa que as empresas non podían recortar ao seu antollo, pero tras esta reforma que lle deu á patronal todo o poder, é importantísimo quen sexan estes delegados, xa que estes a día de hoxe poden asinar o seguinte:

Convenios de Empresa, que tras a reforma do 2012 é preferente sobre calquera convenio sectorial. O convenio é onde se establecen os salarios e a xornada máxima, entre outras moitas cousas:

Descolgue do convenio sectorial; é dicir, deixar de apliar o convenio e as súas táboas salariais, despedimentos colectivos por ERES, suspensión de contratos e reducións de xornada temporais, tanto individuais como colectivas por ERTE, Modificación colectiva das condicións de traballo que estén por eriba do convenio; salario, xornada, distribución desta, horario...; cambio colectivo de funcións, traslados colectivos, etc. Os delegados/as eleitos dan máis representatividade ao sindicato polo que se presentan, outorgándolle máis poder e forza na Negociación Colectiva( coas Patronais, cos Governos,...)

### Os delegados poden acordar estes temas eles sós ou precisan pedir permiso aos traballadores?

Os delegados que se presentan pola CIG, teñen como obrigación ratificar todas as decisión importantes que adopten co conxunto da plantilla. Forma parte do ADN do sindicalismo nacionalista someter estas decisións á unha assemblea de traballadores.

Pero por desgraza, non todos actuamos igual. A lei non garante que isto sexa así.

Aínda que o resto dos traballadores non queira, o delegado poderá asinar eses acordos unha vez que sexa nomeado tras as eleccións. Xa lles pediron permiso para facelo ao presentar

ás eleccións e gañalas. Ao que non lle guste, que votase a outro e se non lle gustaba ningún que se presentara el.

### Quen pode presentarse como candidato a delegado de personal?

Pode ser candidato calquera traballador maior de 18 anos e con seis meses de antigüidade na empresa.

### Entón os meus xefes pódense presentar ás eleccións sindicais, gañalas e asinar todo iso?

Evidentemente si, por desgraza, é unha das maneiras de actuar do sindicalismo español. Iso pasa en moitísimas empresas. Teóricamente o persoal directivo non pode presentarse nin votar nas eleccións sindicais, pero na práctica por susposto que o fan. Mesmo hai sindicatos que non só non poñen problemas, senón que buscan directamente aos "xefes" para que se presenten ou polo menos que se presenten empregados de confianza ou familiares.

### Que pasa se na miña empresa non hai eleccións?

Se non hai eleccións, non hai delegados. Pero iso non significa que non poidan ter lugar os acordos que citamos anteriormente. Pero ten en conta que non depende da empresa que haxa eleccións ou non. As eleccións só dependen de vós, diga o que diga a empresa.

### En que empresa se poden celebrar elección sindicais?

En todas as empresas ou centros de traballo que teñan máis de cinco traballadores:

Desde 6 ata 30: temos dereito a un delegado de persoal; desde 30 ata a 49: temos dereito a elixir 3 delegados: desde 50 a 100: temos dereito a elixir 5 delegados de personal .

### Como é o proceso de elección do delegado?

Unha vez convocadas as eleccións, na empresa e presentados os candidatos, celébrase unha votación secreta, en papeleta con sobre pechado, na que poden votar todos os traballadores cun mes de antigüidade na empresa. Se existe máis dun candidato, será elixido delegado o candidato máis votado.

### Cales son as función dos delegados de personal?

Aparte de todas as que xa citamos anteriormente, poderíamos definir as funcións do delegado como as de ser o portavoz dos traballadores, esixir o cumprimento do convenio colectivo e demais normas laborais vixentes, advertir á dirección da empresa das posíbeis infraccións, informar periódicamente aos traballadores sobre as súas actividades, presentarle á empresa as reclamacións ou reivindicacións dos traballadores, vixiar o cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral, co fin de evitar riscos e accidentes de traballo.

**ORGANIZÁDEVOS E CONVOCÁDE AS ELECCIÓNS SINDICAIS NO VOSO CENTRO DE TRABALLO!!**

## A importancia da afiliación sindical

As empresas están a aproveitar á crise económica para levar adiante un recorte brutal dos nosos dereitos, dos nosos salarios, das nosas condicións laborais e da nosa calidade de vida, ao tempo que aumentan as súas marxes de beneficios. É por iso que nestes tempos, compre máis se cabe, estar defendidos por un sindicato de clase, asembleario, reivindicativo e combativo como a CIG.

Durante estes últimos anos aumentaron aínda máis as desigualdades sociais, incrementándose as diferenzas entre as persoas máis ricas e as máis pobres. Un exemplo disto témolo na perda de peso dos salarios fronte aos beneficios da patronal. Así, os salarios pasaron de representar o 47% no Produto Interior Bruto, no ano 2008, a representar o 42,7%, no 2013, mentres que os beneficios empresariais, neste mesmo período, pasaron do 44,8% a representar o 47,7%.

As sucesivas reformas laborais, promovidas polos gobernos españois do PSOE e do PP, foron feitas para favorecer o despedimento e rebaixar salarios. Hoxe ás empresas resúltalles moito máis barato e máis fácil despedir os seus traballadores e traballadoras, así como incumplir o pactado nos convenios colectivos, rebaixando salarios e precarizando as condicións laborais.

### Coa CIG es máis forte. AFÍLIATE Á CIG

Fronte a este ataque do capital á clase traballadora temos que reaccionar e defender os nosos dereitos e o noso futuro. É preciso organizarse, loitar e fortalecer as organizacións sindicais. Por iso te animamos a que te afilies á CIG, pois somos unha central sindical que temos demostrado, coa nosa práctica, a nosa firmeza e

coherencia na defensa dos intereses da clase traballadora galega, desde unha postura de confronto co poder, de non integración no sistema, de crítica e rexeitamento ao sindicalismo de colaboración co poder e de pacto social, de garantía de independencia económica e de compromiso coa defensa dos dereitos nacionais de Galiza.

### ESTES SON ALGÚNS DOS SERVIZOS DE APOIO Á NOSA ACCIÓN SINDICAL:

Para apoio da nosa acción sindical e unha mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega, creamos todo un conxunto de servizos e mecanismos que podemos resumir nos seguintes:

–**O departamento de servizos xurídicos**, que cobre todo tipo de asesoramento e defensa en casos de despedimentos, reclamación de cantidades, vacacións, xornada laboral, pensións, prestacións por desemprego, etc., sendo totalmente gratuíto este servizo, a partir de levar cinco anos afiliado/a.

–**Os departamentos de asesoramento económico, laboral e de igualdade**, que cobren todo tipo de asesoramento en materia de informes para ERES, descolgues de convenios, economía social, plans e políticas de igualdade e conciliación, informes sobre novas ordes, decretos ou leis, etc. Totalmente gratuíto.

–**A Caixa de Resistencia**, de apoio en caso de folga, posibilitando que os afiliados e afiliadas, que leven máis de tres meses de afiliación á central sindical, poidan cobrar ata o equivalente do salario mínimo interprofesional, a partir do cuarto día de folga, este incluído, compensando así unha parte importante do salario perdido como consecuencia da folga. Este mecanismo tenlle servido ata hoxe a moitos compañeiros e compañeiras afiliadas para aguantaren a folga na súa empresa e permitirlle así gañar o conflito fronte á patronal. Somos a única central sindical en Galiza que temos operativo este servizo de apoio á afiliación.

## DEFENDE OS TEUS DEREITOS E A TÚA DIGNIDADE ANTE AOS ATAQUES DO CAPITAL, ORGANÍZATE E LOITA CONNOSCO. AFÍLIATE Á CIG

COTAS DE AFILIACIÓN
As cotas da CIG can en función dos teus ingresos:
COTA ORDINARIA
Ingresos mensuais superiores a 1310,40 euros 11,65 euros ao mes
COTA ESPECIAL
Ingresos mensuais inferiores a 1310,40 euros 10,45 euros ao mes
COTA REDUCIDA
Ingresos mensuais inferiores a 655,20 euros 5,51 euros ao mes
COTA SIMBÓLICA
Sen ingresos, previa xustificación 2,84 euros ao mes

ACCESO Á ASESORÍA XURÍDICA		
En función da antigüidade da túa afiliación a porcentaxe* de acceso á asesoría xurídica irase reducindo		
ANTIGÜIDADE	SMAC	XUÍZO
Menos de 3 meses	7%	9%
De 3 meses a 1 ano	6%	8%
De 1 a 2 anos	5%	7%
De 2 a 3 anos	4%	6%
De 3 a 5 anos	2%	3%
Máis de 5 anos	0%	0%

\*Estas porcentaxes só se aplican cando a reclamación presentada é de carácter económico

### OS NOSOS LOCAIS:

#### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

#### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

#### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

#### Morrazo

Rúa Altranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

#### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

#### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

#### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

#### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

#### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

#### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

#### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

#### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal

## TÁBOAS SALARIAIS 2010-11-12-13 E 2014

Categoría	Salario Base	Antigüedad/Trienio	Plus Transporte (2)
Director	990,11	37,61 €	38 €
Profesor	925,27	33,89 €	38 €
Oficial Adm.	835,75	24,97 €	38 €
Auxiliar Adm.	739,21	24,97 €	38 €
Aspirante	(1)	16,17 €	38 €
Mecánico	769,29	24,97 €	38 €
Conductor	769,29	24,97 €	38 €
Limpieza	630,23	24,97 €	38 €

(1) Retribución como o contrato formación do art. 6 do convenio

(2) só meses que se traballen, non vacacións nin baixas.

## TÁBOAS SALARIAIS 2015 E 2016

Categoría	Salario Base	Antigüedad/Trienio	Plus Transporte (2)
Director	993,08 €	37,72 €	38,11 €
Profesor	928,05 €	33,99 €	38,11 €
Oficial Adm.	838,26 €	25,04 €	38,11 €
Auxiliar Adm.	741,43 €	25,04 €	38,11 €
Aspirante	(1)	16,22 €	38,11 €
Mecánico	771,60 €	25,04 €	38,11 €
Conductor	771,60 €	25,04 €	38,11 €
Limpieza	632,12 €	25,04 €	38,11 €

Categoría	Salario Base	Antigüedad/Trienio	Plus Transporte (2)
Director	1003,01 €	38,10 €	38,49 €
Profesor	937,33 €	34,33 €	38,49 €
Oficial Adm.	846,64 €	25,29 €	38,49 €
Auxiliar Adm.	748,84 €	25,29 €	38,49 €
Aspirante	(1)	16,38 €	38,49 €
Mecánico	779,32 €	25,29 €	38,49 €
Conductor	779,32 €	25,29 €	38,49 €
Limpieza	638,44 €	25,29 €	38,49 €

Por salarios dignos... Non colaboredes con quen vende os vosos dereitos!

**Que subida acadades en 6 anos? Entre 8€ e 13€ por mes, segundo categoría.**

**!!! CONVOCADE ELECCIÓNS SINDICAIS E ORGANIZÁDEVOS PARA TERDES VOZ !!!**  
**PRESÉNTADEVOS COA CIG-ENSINO! APOIADE AS CANDIDATURAS DA CIG-ENSINO**  
**CIG-ENSINO, a única forza sindical galega independente, reivindicativa e participativa**

### Os nosos locais

#### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

#### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

#### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986609360 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

#### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

#### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358750  
ferrol@cig-ensino.gal

#### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

#### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

#### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

#### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

#### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

#### Vigo

R. Gregorio Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

#### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal